

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**509** *ORDE APA/1/2004, do 9 de xaneiro, pola que se establece o logotipo da identificación de garantía nacional de produción integrada.* («BOE» 9, do 10-1-2004.)

A produción integrada de produtos agrícolas é un sistema de obtención de produtos vexetais frescos ou transformados de calidade, en que mediante un procedemento de certificación se garante que foron producidos de acordo cunha normativa técnica respectando o ambiente, a saúde do consumidor e o mantemento dunha agricultura sustentable.

O artigo 7 do Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas, refírese ó uso das identificacións de garantía de produción integrada, que permiten diferenciar os produtos obtidos mediante sistemas de produción integrada e garantir e informa-lo consumidor das súas características.

Así mesmo, o artigo 9 do citado real decreto establece a identificación de garantía nacional de produción integrada, que consiste na expresión "produción integrada" e o logotipo que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estableza.

Por esta disposición apróbase o logotipo da identificación de garantía nacional de produción integrada de acordo coa facultade de desenvolvemento asignada ó Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación na disposición derradeira segunda do Real decreto 1201/2002.

O texto en fase de proxecto foi consultado coas comunidades autónomas e coas entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establece-lo logotipo da identificación de garantía nacional, que se determina no seu anexo.

### Artigo 2. *Uso da garantía nacional de produción integrada.*

1. A identificación de garantía nacional de produción integrada materializarase mediante etiquetas, estampillas ou outros medios e poderá ser incluída nos produtos amparados pola dita identificación de acordo co disposto no Real decreto 1201/2002 e as normas técnicas específicas do correspondente cultivo que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estableza regulamentariamente, durante todo o proceso de comercialización ata o seu destino final, figurando en

lugar ben visible do envase e coas características establecidas no anexo desta orde.

2. O logotipo da identificación de garantía nacional poderá ser empregado polos operadores a que se lles concedese o uso da identificación de garantía nacional, como distintivo incorporado ós medios de comunicación comercial da empresa, tales como encabezamentos de correspondencia, fax, correo electrónico, páxina web e catálogos técnico-comerciais, e como distintivos fixos nos puntos de produción, puntos de venda, vehículos ou equipamentos de produción do operador.

### Artigo 3. *Concesión de uso.*

A entidade de certificación a que corresponda controla-la fase de etiquetaxe entregaralle ó operador un documento de concesión de uso da identificación de garantía nacional, no cal deberán figurar polo menos os datos seguintes:

Datos identificativos do operador, incluíndo o número de rexistro correspondente.

Datos identificativos da explotación correspondente.

Tipo de produto vexetal amparado pola concesión e cantidades estimadas.

Marcas comerciais.

Período cuberto pola concesión de uso.

### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto nesta orde terá carácter de normativa básica, ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de xaneiro de 2004.

ARIAS CAÑETE

## ANEXO

### Logotipo da identificación de garantía nacional de produción integrada

#### 1. Modelo.

O logotipo da identificación de garantía nacional de produción integrada correspóndese co seguinte deseño:



A imaxe resólvese cunha combinación de textos e un elemento gráfico de cores determinantes. O elemento gráfico consiste na caule dunha planta, identificable como unha espiga, cunha distribución asimétrica de graos a dúas cores; todo iso sobre un fondo de cor degradada. O deseño xeral é semi-asimétrico e nel o elemento gráfico serve de nexa entre ámbolos textos, sen eliminalo seu diferente rango.

Os textos preséntanse en maiúsculas a ámbolos lados do elemento gráfico. Á esquerda deste, como texto da identificación de garantía, as palabras «producción integrada», en caixa alta e con aliñación á dereita. Á dereita do elemento gráfico, preséntanse as palabras que identifican o ámbito legal da identificación de garantía, aliñadas á esquerda, pero con menos presenza gráfica.

Todo o logotipo está delimitado por un rectángulo, no fondo do cal a color está degradada.

## 2. Características dos elementos gráficos.

### 2.1 Cores.

A gama de cores do logotipo da identificación de garantía nacional de produción integrada débese reproducir polo método de cuadrícromía e son os seguintes:

Caule da espiga verde (Valores: 100% cian, 100% amarelo e 20% negro).

Grao da esquerda amarelo (Valores: 20% maxenta e 100% amarelo).

Graos da dereita vermellos (Valores: 100% maxenta e 100% amarelo).

Fondo trama de cian degradada de arriba abaixo (Valores: mínimo da parte superior, 5% cian, e máximo da parte inferior, 30% cian; punto medio de inflexión do degradado, ó 0% do seu percorrido e ángulo de degradado, 90.º).

### 2.2 Textos.

Os textos que presenta a marca «Producción Integrada» preséntanse nas seguintes tipografías, e coas seguintes cores:

**PRODUCCIÓN  
INTEGRADA**

Tipografía:

Nome: Baker Signet.  
Estilo: regular.

Valores de deformación:

Horizontal: 100%.  
Vertical: 90%.

Valor de track (interletraxe): -55.

Corpo de letra no tamaño principal do logotipo (70 × 35 mm): 21 puntos.

Interliñado no tamaño principal do logotipo (70 × 35 mm): 16 puntos.

Cor de aplicación: 100% negro.

Aliñación pola dereita.

Formato de CAIXA ALTA.

**REAL DECRETO  
1201/2002 - ESPAÑA**

Tipografía:

Nome: Myriad.

Estilo: Roman.

Valores de deformación:

Horizontal: 100%.

Vertical: 90%.

Valor de track (interletraxe): -50.

Corpo de letra no tamaño principal do logotipo (70 × 35 mm): 9 puntos.

Interliñado no tamaño principal do logotipo (70 × 35 mm): 7 puntos.

Cor de aplicación: 100% negro.

Aliñación pola esquerda.

Formato de CAIXA ALTA.

## 3. Normas de aplicación.

### 3.1 Dimensións:

3.1.1 Para o seu emprego como distintivo de produto, de acordo co punto 2 do artigo 9 do Real decreto 1201/2002, a imaxe do logotipo poderase presentar nunha dimensión comprendida entre o máximo de 400% e o mínimo do 50% da dimensión de referencia seguinte:

Dimensión de referencia: largo total da mancha 70 mm.  
Altura total da mancha 35 mm.

3.1.2 Nos restantes casos, poderanse empregar dimensións superiores á mínima establecida no punto anterior, sempre que se conserven as proporcións orixinais.

### 3.2 Forma de colocación.

Evitaranse os xiros ou inclinacións da marca no elemento impreso. Exceptuase desta regra a colocación de etiquetas en bolsas ou envases, as cales se adaptarán ás características deste.

### 3.3 Casos particulares.

Como principio xeral prohibese o uso de versións en que as proporcións dos distintos elementos, tipos de letra ou tamaños, orde de colocación, variacións de texto, traducións a outros idiomas ou dialectos, difiran do orixinal.

Non obstante, para aqueles casos particulares en que a imaxe da marca necesite un tratamento especial establécense as seguintes excepcións:

#### 3.3.1 Variacións de cor.

Naqueles casos en que a imaxe da marca deba prescindir da gama de cores prevista, poderase converter nunha imaxe en branco e negro ou gamas de grises. Nestes casos poderanse empregar algunha das variacións seguintes:



Impresión en gris



Impresión en negro



Impresión en trama de grises sobre fondo



Impresión en negativo

z

### 3.3.2 Variacións no procesado de cor.

Nos casos en que o soporte precise de que a impresión se realice en cores directas, en vez de cuadrícromía, empregaranse as cores directas seguintes:

Vermello: Pantone Red 032 C.

Amarelo: Pantone Yellow 012 C.

Verde: Pantone 356 C.

Valores de degradado: valor mínimo, parte superior, do 5% Pantone Process Cian. Valor máximo, parte inferior, do 30% Pantone Process Cian.

Textos: Pantone Process Black C.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**510** *REAL DECRETO 1798/2003, do 26 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados. («BOE» 9, do 10-1-2004.)*

O Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, polo que se regulan as gamas de cantidades nominais e de capacidades nominais para determinados produtos envasados, incorporou ó ordenamento xurídico interno, entre outras, as directivas 75/106/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1974, e a Directiva 80/232/CEE do Consello, do 15 de xaneiro de 1980, relativas á aproximación das lexislacións dos Estados membros nesa materia.

Os reais decretos 1780/1991, do 29 de novembro, 151/1994, do 4 de febreiro, 1202/1999, do 9 de xullo, e 1194/2000, do 23 de xuño, modificaron o Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro, co fin de realizar e completa-la transposición das directivas 88/316/CEE do Consello, do 7 de xuño de 1988, e 89/676/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1989, e prorrogar ou establecer períodos transitorios para determinados valores de cantidades nominais, así como, de acordo co permitido polas directivas comunitarias, engadir outros valores nominais e excluír da regulación presentación específicas de determinados produtos que por necesidades do mercado así o requirían.

O Real decreto 3423/2000, do 15 de decembro, polo que se regula a indicación dos prezos dos produtos ofrecidos ós consumidores e usuarios, incorporou ó ordenamento español a Directiva 98/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 1998, relativa á protección dos consumidores en materia de indicación dos prezos dos produtos ofrecidos ós consumidores, que recolle a obriga de informar acerca do prezo por unidade de medida nos produtos ofrecidos polos comerciantes ós consumidores, para facilita-la comparación dos prezos.

Esta última disposición repercute de maneira directa nunha das xustificacións que amparaba en décadas pasadas a existencia das gamas de cantidades nominais. Neste sentido, expresábase un dos considerandos da Directiva 75/106/CEE, ó facer alusión a que resultaba necesario reducir, na medida do posible, respecto a un produto determinado, as capacidades que diferisen entre si demasiado pouco e que puidesen inducir a erro o

comprador. Esa necesidade que imperaba naqueles momentos queda actualmente salvagardada ó existir unha obriga de informar sobre o prezo final, incluídos o IVE e tódolos demais impostos, por unha unidade de medida do produto.

Así, sobre a premisa fundamental de asegura-los dereitos dos consumidores, cómpre atende-la petición de diversos sectores afectados, co fin de flexibiliza-lo mercado, todo iso de acordo co que sucede nos países de noso contorno. Para alcanzar este obxectivo, cómpre proceder á derogación de certas gamas de valores de produtos alimenticios (bebidas refrescantes e outras bebidas non alcohólicas, augas de bebida, leite e bebidas a base de leite, zumes, produtos conxelados, xeados alimenticios, conservas vexetais, manteiga e queixos), de produtos industriais (produtos para lustrar, puír e mantemento do fogar e produtos para o lavado e limpeza) e de produtos cosméticos.

De acordo co anterior, procédese, así mesmo, á derogación expresa da referencia que se fai ás cantidades nominais dos envases no artigo 10 da Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración e venda de zumes de froitas e doutros produtos similares, aprobada polo Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro, así como á derogación das gamas inferiores a 10 litros das augas de bebida envasadas, recollidas no artigo 6 do Real decreto 1074/2002, do 18 de outubro, polo que se regula o proceso de elaboración, circulación e comercio das augas de bebida envasadas.

Por outra parte, para os extractos de café inclúese no texto deste real decreto unha regulación das gamas que, no seu momento, xa estaban comprendidas, en parte, na Directiva 77/436/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1977, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre os extractos de café e os extractos de chicoria, e, como consecuencia diso, tamén no Real decreto 1231/1988, do 14 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización do café. Así mesmo, tense en conta a disposición adicional cuarta do Real decreto 1472/1989, do 1 de decembro.

A Directiva 77/436/CEE quedou derogada pola Directiva 1999/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de febreiro de 1999, que, entre outros efectos, suprimiu as gamas dos produtos nela regulados.

De acordo co anterior, o Real decreto 943/2001, do 3 de agosto, polo que se modifican o Real decreto 2323/1985, do 4 de decembro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización de sucedáneos de café, e o Real decreto 1231/1988, do 14 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, almacenamento, transporte e comercialización do café, derogou a obriga, ata ese momento existente na normativa nacional, de que os extractos de café se comercializasen nunhas determinadas gamas de envases.

Por outra parte, aínda que nun dos considerandos da Directiva 1999/4/CE se recolle o compromiso de propor que se inclúa na Directiva 80/232/CEE unha gama de pesos nominais para os extractos de café e chicoria, este compromiso, ata a data, non acabou de se consolidar, polo que, á vista do anterior e atendendo á solicitude do sector afectado, se procede á inclusión neste real decreto dunha regulación das gamas destes produtos.

Para contribuír, no posible, a unha maior claridade das gamas que afectan os aceites de oliva e de bagazo de oliva, trala publicación do Regulamento (CE) n.º1019/2002 da Comisión, do 13 de xuño de 2002,